

26 de abril de 2006

Homenaxe aos Mártires de Carral

Actos organizados pola Real Academia Galega
coa colaboración da Consellería de Cultura e Deporte
da Xunta de Galicia e o Concello de Carral

1906/2006
Real
Academia
Galega
Centenario



Alva Gráfica C-846-2006

Barro Salgado Semtana, deseñadores

O que logo sería
Presidente da Real
Academia Galega,
Manuel Lugris Freire,
dirixese aos asistentes
nos actos celebrados en
Carral o día 26 de abril
de 1931. Fotografía
cedida polo Arquivo
do Reino de Galicia.

toda la severidad de las leyes. Coruña 27 de abril de 1846.==El Gefe Político.==*Jose Marti- nes.*==Por acuerdo de S. S., *Eugenio Reguera*, secretario.

RELACION nominal de los gefes y capitanes que han sido pasados por las armas en la tarde de hoy, por efecto de la insurreccion militar que tubo lugar en la plaza de Lugo.

GRADOS:	CLASES.	NOMBRES:	CUERPOS DE SU PROCEBENCIA:
<i>Coronel.....</i>	<i>Comandante..</i>	D. Miguel Solís y Cuetos . .	Estado Mayor.
	<i>Idem.</i>	D. Victor Velasco.	Reemplazo.
	<i>Capitan.</i>	D. Manuel Ferrer	Zamora número 8.
	<i>Idem.</i>	D. Jacinto Daban.	
<i>Comandante..</i>	<i>Idem.</i>	D. Fermin Mariné	
	<i>Idem.</i>	D. Ramon José Llorens.	Provincial de Segovia.
<i>Comandante..</i>	<i>Idem.</i>	D. Juan Sanchez	
	<i>Idem.</i>	D. Ignacio de la Infanta.	
	<i>Idem.</i>	D. Santiago Lallabe.	Idem de Gijón.
	<i>Idem.</i>	D. Francisco Marquez	
	<i>Idem.</i>	D. José Martinez	
	<i>Idem.</i>	D. Felipe Valero	

Carral 26 de abril de 1846.==El Presidente de la Comision Militar, Francisco Javier de Iruarte ==Es copia. --*Martinez.*

Pormenor da primeira páxina do Boletín Oficial da Provincia da Coruña do día 29 de abril de 1846. Reprodución por cortesía do Museo Arqueolóxico e Histórico da Coruña.



Manuel Murguía, futuro Presidente da Real Academia Galega, e o seu sucesor, Andrés Martínez Salazar, ante as tumbas dos Mártires de Carral, no cemiterio de Paleo, o día 23 de abril de 1899, data da colocación da primeira pedra do monumento en Carral.



Fotos do Arquivo da Real Academia Galega

o 26 de abril de 1846, logo dun sumarísimo e irregular xuízo, foron fusilados en Carral o Comandante D. Miguel Solís e once oficiais. Concluía así o levantamento iniciado o 2 de abril na cidade de Lugo. A vila de Carral, que asistiu horrorizada ás execucións, pasou a ter dende ese momento un posto de honra no panteón heroico do liberalismo.

Aquilo non foi un pronunciamento militar máis, foi un levantamento ao que se sumou a mocidade galeguista, liderada por Antolín Faraldo. O Batallón Literario de 1846 loitou cóbado con cóbado cos militares na batalla de Cacheiras e na batalla de Santiago. Algúns deles pagaron coa vida o seu empeño.

Eles constituíron a primeira xeración galeguista, loitando coa pluma nos xornais, no teatro, nos debates urxidos pola paixón identitaria e, cando chegou o momento, loitaron tamén coas armas na man.

Loitaron pola liberdade e pola patria. Querían unha Galicia ceibe e forte, que nunca máis fora “colonia da Corte” como escribía Faraldo.

Amaban a terra con ese amor desesperado que foi sempre patrimonio da xuventude. Foron vencidos, pero non fracasaron. Hoxe o estámolo a demostrar. Cando xa foron varridos, como po da historia, os nomes dos executores, nós seguimos a honrar a súa memoria e a vivir da semente da galeguidade que nos deixaron.

Xosé Ramón Barreiro Fernández
Presidente da Real Academia Galega

PROGRAMA


11:30 horas
Recepción na Casa do Concello de Carral á Real Academia Galega.

12:15 horas
Alocución do Presidente da Real Academia Galega, Xosé Ramón Barreiro Fernández, ao pé do Monumento aos Mártires de Carral.

12:30 horas
Intervención plástica de Ánxel Huete no Campo da Feira.

12:45 horas
Camiñada pola ruta dos Mártires ata o cemiterio de Paleo, animada polo grupo de música tradicional Alén do Mar.

13:15 horas
Ofrenda poética e floral aos Mártires no cemiterio de Paleo. Intervirán os académicos: Darío Xohán Cabana, Xosé Luís Méndez Ferrín, Salvador García-Bodaño e Xesús Alonso Montero. A continuación, os alumnos do I.E.S. de Carral e Cacheiras realizarán unha ofrenda floral, mentres Susana Seivane interpretará a Marcha do Antigo Reino de Galicia.



Caderno de apuntamento das doazóns para erixir o monumento aos Mártires de Carral, unha iniciativa da Liga Gallega na Cruña comezada en 1898. Arquivo Real Academia galega.

me e inmenso por su fin , seran las principa- de la *Junta Superior*. Ningun obs- rá retroceder en su marcha , i desde onde la colocan los sucesos llamará á romper sus cadenas en la frente os.

Cree, tambien, dentro de su conciencia que tiene otro deber que cumplir respecto á Galicia. Hasta ahora la revolucion ha sido una horrible mentira, una farsa impia . . . es tiempo de que se realizen las encantadoras promesas que repitieron los falsos sacerdotes de la politica, recogiendo los frutos de tanta abnegacion i de tanto sacrificio. El pueblo conquistará en esta revolucion lo que le han arrebatado los cómicos de los pronunciamentos: PAN i DERECHOS. Galicia, arrastrando hasta aqui una existencia oproliosa, convertida en una verdadera colouia de la corte, va á levantarse de su humillacion i abatimiento. Esta Junta, amiga sincera del pais, se consagrará constantemente á engrandecer el antiguo reino de Galicia, dando provechosa direccion á los numerosos elementos que atesora en su seno, levantando los cimientos de un porvenir de gloria. Para conseguirlo se esforzará sin descanso en fomentar intereses materiales, crear costumbres públicas, abrir las fuentes naturales de su riqueza, la agricultura i el comercio, i poner en armonia con la época los hábitos i las ideas que dejó una sociedad decrepita fundada sobre la ignorancia. Despertando el no-

26 de abril de 2006

Homenaxe aos Mártires de Carral

Actos organizados pola Real Academia Galega coa colaboración da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia e o Concello de Carral